



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.org
Tel. 986 787 202



Deputación
Pontevedra



FEADER:
Europa inviste no rural



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

XIX CONCURSO SUBASTA DE RAZA FRISONA

FEIRADEZA 2013

LALÍN 1 E 2 DE XUÑO



Sylvie Gouin

SAÚDA

A un ano de celebrar as tres décadas de historia de Feiradeza, moitos foron os cambios que se rexistraron no sector gandeiro da nosa comarca e que cambiaron totalmente a faciana das nosas explotacións. Aportacións como a realizada por este certame, que cada ano foi ganando en presenza de gando pero tamén de gandeiros, permitiron avanzar en Lalín cara a unha cabana gandeira que, 29 anos despois, presenta unha calidade xenética moito mellor e na que se poden atopar algún dos mellores exemplares de vacún tanto a nivel autonómico como nacional. Mellora que redundou no incremento da rendibilidade das nosas explotacións.

Superados moitos retos e atrancos e con Feiradeza como unha mostra do camiño a seguir, aberto por algún dos pioneiros da mellora xenética, afrontamos novos tempos. Un futuro inmediato que para o sector ten desafíos tan importantes como o que implican cambios como os que marca a PAC, a desaparición das cotas ou o competir nun mercado globalizado.

Durante dous días, 1 e 2 de xuño, o mercado de gando de Lalín volta a ser punto de encontro obrigado para a xente do noso agro, para todos aqueles que fixéstedes do sector vacún o voso xeito de vida. Unha boa oportunidade para ver e amosar os mellores exemplares das explotacións da nosa comarca, pero tamén unha magnífica oportunidade para compartir opinións, experiencias e inquedanzas na fronteira de cambios na que nos atopamos.

Co desexo de vervos a todos esa fin de semana, quero convidaros a seguir facendo de Feiradeza unha festa do sector e un momento de encontro, difusión e mesmo aprendizaxe para todos os gandeiros da comarca.



José Crespo Iglesias
Alcalde de Lalín e Presidente do
Comité de FEIRADEZA

CALENDARIO DE ACTIVIDADES

VENRES DÍA 31 DE MAIO

10:00 - 18:00 h. ENTRADA DO GANDO, verificación da documentación e aloxamento no recinto.

SÁBADO DÍA 1 DE XUÑO

15:00 h. INAUGURACIÓN DE FEIRADEZA 2013.

15:05 h. Inicio do Concurso, Seccións de Xatas e Xovencas.

17:30 h. V Poxa de gando frisón.

DOMINGO DÍA 2 DE XUÑO

10:30 h. Concurso de vacas de leite e campionatos.

13:30 h. Exposición "Can de Palleiro".

13:45 h. XIX Concurso Xoves Manexadores.

14:15 h. Entrega de premios e sorteos.

14:30 h. Clausura e Xantar.

XUÍZ DO CONCURSO:

D. Paulino Badiola. Xuíz Nacional de CONAFE

XXIX FEIRADEZA • LALÍN

2 DE XUÑO DE 2013

Ás 2 da tarde, no recinto feiral.

SORTEO DUNHA
XOVENCA PREÑADA
OU 1.000 Euros

SORTEO DUNHA
BECERRA
OU 500 Euros

NOTA: SORTEARASE CADA 5 MINUTOS ATA QUE APAREZA O AGRACIADO.